

MOCIÓN DE AER SOBRE SEGURIDADE VIARIA NA AVDA. DE REDONDELA

PLENO 29 FEBREIRO 2012. ACTA 2/2012

Antecedentes

Moción de AER que, transcrita, dí:

Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación de Electores de Redondela, recollendo a proposta da Asociación Afectados Chapela Autopista Rande-Teis e da Comunidade de Montes e Man Común de Chapela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte **MOCIÓN**, para o seu debate e, no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno

Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende a construción no ano 2002 da rotonda Av. de Redondela (N-552), os veciños e colectivos de Chapela vimos reclamando seguridade viaria. Constituíuse unha comisión para facer xestións ante o Concello e Ministerio de Fomento para buscar solucións.

Despois de ter mantido varias reunións con representantes dos distintos grupos políticos deste concello e ter enviado escritos sobre o tema, atopámonos, despois de dez anos, co problema agravado por accidentes de peóns na rotonda na Av. de Redondela, e por iso cremos adecuado relatar como está a situación neste momento.

A Avda. De Redondela, zona urbana segundo o P.E.R.I. de Chapela en vigor existente, con unha densidade de poboación de 8.000 habitantes que ten Chapela, nesta avenida pasan máis de 1.500 coches diarios, entre eles camións pesados, e concéntranse a maioría dos equipamentos como instituto, centro de saúde, pavillón, farmacias, ademais de servizos a outros como dous colexios de primaria, correos, cemiterio, igrexa, centro multiusos e comercio en xeral.

Na rotonda observamos que hai aspectos complementarios que se deben realizar, e que a súa falta perxudica á seguridade viaria tanto para adultos (anciáns), persoas con discapacidade e nenos que teñan que utilizar os equipamentos arriba indicados.

Ademais, a Avda. De Redondela é a máis ancha do municipio con 31 metros de ancho, e non se lle dá o tratamento que precisa, nin por parte do Concello nin de Fomento perxudicando así ós veciños e comercio en xeral.

Por todo isto, propoñemos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Levar a cabo as seguintes obras de seguridade na rotonda da Avda. de Redondela consistentes en:

- continuidade das beirarrúas 200 metros antes e despois da rotonda segundo reflexan as fotos 1 e 2.
- colocación de paso de peóns na entrada da Autoestrada AP-9 segundo fotos 4 e 5.
- Garantir a seguridade viaria mediante semáforos regulados e pasos de peóns segundo foto 6
- solicitar a urbanización de toda a Avda. de Redondela dende o alto da Encarnación ata o límite con Vigo (2,5 kilómetros aproximadamente), consistentes en cambiar tuberías de auga e saneamento por estar deterioradas e verter augas fecais ao río Maceira, entrada e saída de distintas zonas de poboación, melloras na seguridade viaria, retranqueo das beirarrúas cara os edificios para dotar de máis aparcamentos á avenida necesarios para os veciños e comercio en xeral, mellora do alumado baseándose no aforro enerxético e iluminación nos pasos de peóns.

Para realizar estas obras existen terreos expropiados segundo consta na demarcación de Estradas do Estado en Galiza con número de saída 4435 con data 11/10/1988 e con rexistro de entrada no concello nº 2849 con data 14/10/1988 .

- Insten coa maior urxencia posible aos organismos competentes para realizar as obras arriba indicadas.

Adxuntamos fotos e croquis.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por 19 votos a favor (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE, e 1 de AER) e 2 abstencións (BNG) acordou aprobar nos seus propios terminos a moción transcrita.